

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONTI01L	<i>Expediente</i> CON/98/2009	<i>Fecha</i> 21-04-09 14:19

**Asunto**

Prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais

## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS**

### **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE VEHICULOS MUNICIPAIS**

*Artigo 1.- Obxecto do prego.*

O prego ten por obxecto servir de base para a contratación do servizo de mantemento dos vehículos municipais.

*Artigo 2.- Definición dos traballos.*

A prestación do servizo consistirá en leva-lo mantemento dos vehiculos indicados no Anexo I, de acordo cos programas de mantemento que establecen os distintos fabricantes.

Tamén se incluírán as revisións necesarias para que os vehiculos pasen a ITV.

*Artigo 3.- Execución de traballos.*

Os traballos a desenvolver sobre os diferentes vehículos, son os que a continuación se describen:

Realizarase un programa de mantemento como mínimo, unha vez ó ano, xa sexa un P-1 ou un P-2, segundo corresponda, e, en todo caso, cando así se indique polo Parque Móbil do Concello.

a. Traballos de mantemento tipo P-1.

Consistirán en:

- Vaciado e enchido do aceite do motor
- Controles de estanqueidade en circuitos e niveis de motor, caixa de cambios e transmisións, dirección, embrague, frenos, refrixeración, etc, restablecendo os niveis que sexan necesarios; regulación da carreira do pedal de embrague, frenos de pé e de man; estado e tensión das correas, comproba-lo estado da dirección e suspensión; revisión da instalación eléctrica, alumeado exterior, luces interiores, batería, calefacción, ventilación, claxon, limpiaparabrisas; control da carrocería, axuste e engraxe de visagras e peches, presión de neumáticos.

b. Traballos de mantemento tipo P-2.

Os traballos a realizar neste programa serán tódos os dos P-1 mai-los detallados a continuación:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONTI01L	<i>Expediente</i> CON/98/2009	<i>Fecha</i> 21-04-09 14:19

- Vaciado e enchido do aceite do motor
- Substitución de filtro de aceite
- Substitución de filtro de aire
- Reglaxe e posta a punto do motor, incluíndo cambio de buxías, platinos e reglaxe de válvulas se procede
- Reglaxe de faros
- Revisión ou substitución de correa ou cadea de distribución cando proceda, segundo as recomendacións dos fabricantes dos distintos vehículos.

c. Revisión da ITV.

A revisión da ITV para cada vehículo implicará a realización dos seguintes traballos:

- Reglaxe de luces
- Revisión do CO, reglaxe e posta a punto do motor
- Revisión en frenómetro
- Alineación da dirección
- Leva-lo vehículo á revisión
- Controles de estanqueidade en circuitos e niveis de motor, caixa de cambios e transmisións, dirección, embrague, frenos, refrixeración, etc, restablecendo os niveis que sexan necesarios; regulación da carreira do pedal de embrague, frenos de pé e de man; estado e tensión das correas, comproba-lo estado da dirección e suspensión; revisión da instalación eléctrica, alumeado exterior, luces interiores, batería, calefacción, ventilación, claxon, limpiaparabrisas; control da carrocería, axuste e engraxe de visagras e peches, presión de neumáticos.

d. Lavado de vehículos.

- Consistirá no lavado exterior, aspiración interior, lavado interior (tapicería) e lavado de motor.
- Revisión de niveis e luces.

Das reparacións das avarías que se produzan ou sexan detectadas nas revisións e que non entren dentro dos traballos sinalados nos apartados anteriores, informarase á xefatura do parque móbil municipal.

O Concello non se obriga a encomendar estas reparacións mecánicas de maior envergadura o adxudicatario, reservándose a facultade de solicitar presuposto a outros talleres.

O adxudicatario deberá ter a disposición do Concello alomenos dous vehículos para a realización de funcións de substitución dos vehículos cualificados como de representación (alcaldía e

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONTI01L	<i>Expediente</i> CON/98/2009	<i>Fecha</i> 21-04-09 14:19

concelleiros), para o caso de que as reparacións se prolonguen máis aló dun prazo de 24 horas, e polo tempo que dure a reparación.

#### *Artigo 4. Materiais e Pezas.*

Tódolos materiais e pezas a utilizar serán os orixinais que estableza o fabricante do vehículo.

#### *Artigo 5. Condicións do adxudicatario.*

. O adxudicatario deberá ter tódolos permisos legais para cubri-las labores propias deste prego de condicións.

.O adxudicatario disporá, como mínimo, dun local na cidade ou inmediacións, suficientemente equipado e co persoal cualificado para realiza-los traballos que se indican no artigo 3, apartados A, B e C e deberá ter previsto e concertado con outros talleres especializados o resto de traballos que se indican no apartado E do artigo 3, caso de non dispoñer de instalacións ó efecto.

No caso de que o local ou taller esté nas inmediacións, deberá o adxudicatario facerse cargo do traslado do vehículo ó taller cando se precise, ou ben no caso de que o vehículo sexa levado polo conductor, se trasladará ó conductor ata o seu posto de traballo.

Para a recollida dos vehículos, actuarase do mesmo xeito, ben se devolverá o vehículo ó seu orixe, ou se trasladará ó conductor para que o retire. Todos estes traslados faranse sen coste económico para o Concello.

. Será responsabilidade do adxudicatario levar un control sobre a Inspección Técnica dos vehículos debendo solicita-las datas para as revisións e leva-los vehículos. O abono das taxas será por conta do adxudicatario, que o realizará en concepto de anticipo, reintegrándose polo Concello a cantidade exacta da taxa na certificación mensual.

. O adxudicatario estará obrigado á revisión dos vehículos, cando estes se avaríen, en calquera punto do municipio, sen que iso supoña incremento ningún no presuposto por traslado ou outros conceptos.

O traslado do vehículo ó taller, se iso fora preciso, será por conta do adxudicatario.

. O adxudicatario dará preferencia absoluta ós vehículos policiais no que se refire á súa revisión ou mantemento, por tratarse dun servizo público de urxencia.

. O adxudicatario deberá asumi-las variacións que se produzan na relación de vehículos que se achega no Anexo 1, ben por incorporación de novos vehículos ó parque municipal, ou baixa dos mesmos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONTI01L	<i>Expediente</i> CON/98/2009	<i>Fecha</i> 21-04-09 14:19

*Artigo 6. Control sobre os traballos.*

Nas operacións de mantemento de vehículos, o responsable do taller esixirá previamente a orde de reparación do xefe do parque móbil, onde consten as operacións a realizar. A devandita orde se adxuntará en cada unha das follas de traballos realizados que formen parte da factura mensual.

O adxudicatario estará obrigado a entregar toda aquela información que lle sexa reclamada desde o Concello, facilitando as labores de inspección e dispoñendo para iso dos medios que lle sexan requeridos sen ningún coste.

Deberá levar unha ficha de cada vehículo na cal se irán anotando todos aqueles datos de interese e que, como mínimo, conterà os planes permanentes de mantemento.

O modelo de fichas presentárase para a súa aprobación polo Concello no prazo máximo de 15 días naturais desde a adxudicación, debendo realiza-las correccións que lle sexan indicadas.

Mensualmente facilitarase ó Concello un parte no que se indiquen todas as incidencias, vehículos reparados, o obxecto da reparación, horas empregadas, pezas utilizadas, anomalías observadas e vehículos previstos para-lo vindeiro mes.

En tódalas operacións de lavado, o responsable do taller comprobará previamente que o vehículo forma parte da flota municipal, rexeitando en caso contrario o vale de lavado como medio de pago que lle presente o conductor do vehículo.

Conforme  
O contratista,